



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE A ESTRADA PARA A HUMANIZACIÓN DAS TRAVESÍAS DE VEA E DA IGREXA.

Santiago de Compostela, a 8 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. D^a. Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, don José Carlos López Campos, Alcalde-Presidente do Concello de A Estrada, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- O Concello de A Estrada, trata de promover unha actuación consistente na **“humanización das travesías de Vea e da Igrexa”**.


Constitúen obxectivos do Plan *hURBE*, entre outros, os de:

- Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.
- Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico dos núcleos urbanos das vilas e tamén, no seu caso, dos núcleos rurais do territorio galego.

Para o cumprimento destes obxectivos, a Xunta de Galicia promoverá a execución de equipamentos urbanos municipais, có fin de dotar aos concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, co fin de mellorar a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Promoveranse todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Fomentarase, así mesmo, a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo.





XUNTA DE GALICIA

O concello presenta un documento técnico que define a actuación obxecto do convenio, e que en síntese, consiste na humanización deste ámbito, entendendo como tal a mellora do acabado superficial destas rúas, sen esquecer a mellora da súa infraestrutura soterrada, a iluminación e a instalación dun mobiliario urbano digno dunha área peonil soleada e situada no centro do casco urbano.


A Travesía de Veia e a Travesía da Igrexa, constitúen un espazo de lecer para uso e de tódolos habitantes da vila. As rúas sitúanse próximas á Praza do Mercado, recentemente rehabilitada, en pleno centro do casco urbano, con orientación Norte - Sur no caso da Travesía de Veia e, leste - Oeste no caso da Travesía da Igrexa. Pese a contar con pouco ancho, o feito de ser rúas peonís, convérteas nunha zona de especial interese, ao desenvolverse nestes espazos a principal actividade hostaleira da vila. Este feito fai necesario e xustifica o desenvolvemento dun proxecto de acondicionamento integral.

II.- A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**. O concello, ao amparo da Resolución do 15 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan Hurbe no ano 2016 (DOG do 20 de xuño), formulou petición para formalizar un convenio de colaboración co obxecto da execución da actuación descrita no apartado un anterior.

Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación. A competencia para o desenvolvemento destas actuacións, está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería *“A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial”*.

Así mesmo, en virtude do establecido na disposición adicional segunda da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os convenios de colaboración que subscriba o sector público autonómico precisarán de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia cando impliquen asunción de obrigas de contido económico por importe superior a 150.000 euros ou cando as ditas obrigas, aínda que non superen a citada cifra, teñan carácter plurianual.

III.- Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das súas competencias, e o concello de A Estrada, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar





XUNTA DE GALICIA

unha colaboración, para abordar a execución das obras citadas, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de A Estrada, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “**humanización das travesías de Vea e da Igrexa**”.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de A Estrada comprométese a:


1.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.

2.- Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Prestarlle a aprobación aos indicados documentos nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras. Noutro caso, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente Acordo, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

3.- Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a explotación e conservación das mesmas.

4.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os compromisos a que fan referencia os apartados 1, 2 e 3 anteriores.

5.- O concello, como trámite previo á licitación das obras, aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 precedente.





XUNTA DE GALICIA

TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, asume os seguintes compromisos:

1.- Financiar a execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto, con cargo á aplicación 07.02.521A 607.1, **cento sesenta e nove mil cincuenta e cinco euros con dezanove céntimos (169.055,19 €)**, na anualidade de 2016.

2.- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello de A Estrada para a súa incorporación ao servizo e uso público.

3.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, esta poñerá en coñecemento do concello de A Estrada, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda 3) precedente, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

CUARTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscripción do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o impulso e seguimento das accións establecidas no presente convenio, créase unha Comisión, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería, a persoa titular da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o



XUNTA DE GALICIA

concello estará representado polo Alcalde ou persoa en quen delegue e o concelleiro responsable de obras e/ou infraestruturas.

SEXTA.- INTERPRETACIÓN E NATUREZA

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- O presente convenio ten natureza administrativa e tramítase ao abeiro do Decreto 246/1992 do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse (artigo 4.2).

SETIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do convenio:

- a) O cumprimento do seu obxecto
- b) O incumprimento de calquera das cláusulas.
- c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas no mesmo por causas non imputables ás partes.
- d) O incumprimento de carácter temporal ou parcial de calquera das cláusulas do mesmo. Entenderase por incumprimento parcial, aquel que implique en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto o desenvolvemento das actuacións previstas.
- e) A denuncia, por calquera das partes, por razóns de interese público.

OITAVA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15



XUNTA DE GALICIA

da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

NOVENA.- VIXENCIA


A vixencia do presente Convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante manterase ata a entrega das obras ao concello de A Estrada nos termos establecidos na cláusula terceira. Así mesmo, seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

E en proba de conformidade asinan o presente documento por triplicado exemplar no lugar e data do encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA
A Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do
Territorio
Por delegación de sinatura (Res. 29/07/2016)
A secretaria xeral técnica


M^a Jesús Lorenzana Somoza

POLO CONCELLO DE A ESTRADA
O Alcalde



José Carlos López Campos